

Orde do 26 de xuño de 1991 pola que se resolve parcialmente a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, de postos de traballo vacantes na Consellería da Presidencia e Administración Pública.

Convocada por orde do 20 de febreiro de 1991 (DOG n.º 45, do 5 de marzo), a provisión, polo sistema de libre designación, de postos de traballo vacantes na Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, esta consellería, conforme o establecido na convocatoria, resolve:

Primeiro.—

Seleccionar, conforme o sinalado na base quinta da orde de convocatoria, os funcionarios que se indican no anexo para os postos de traballo que nel se especifican.

Segundo.—

O cesamento no actual destino dos funcionarios seleccionados producirase no prazo dos tres días contados a partir do seguinte a aquel en que se lles notifique a resolución de traslado a esta comunidade.

A toma de posesión das prazas adxudicadas deberá realizarse no prazo de tres días seguintes ó do cesamento, se se trata da mesma localidade na que presta os seus servicios o funcionario, ou no prazo de un mes, se se trata de distinta localidade, conforme o establecido no artigo 18 do Real decreto 28/1990, do 15 de xaneiro.

Terceiro.—

A correspondente xefatura de persoal do centro onde causen alta os funcionarios realizará, dentro dos prazos sinalados no apartado anterior, a dilixencia de toma de posesión, e efectuarase, acto seguido, o trámite para a súa alta na nómina, conforme se dispón na orde da Consellería da Presidencia e Administración Pública, do 28 de novembro de 1983.

Das dilixencias efectuadas remitiráselles candansúa copia á Dirección Xeral da Función Pública e á Asesoría Xurídica Xeral.

Cuarto.—Contra esta orden poderase interpoñer recurso de reposición perante esta mesma consellería no prazo de un mes a partir do seguinte día ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 1991.

Dositeo Rodríguez Rodríguez
Conselleiro da Presidencia e Administración Pública

Ilmo. Sr. Director Xeral - Xefe da Asesoría Xurídica Xeral.
Ilmo. Sr. Director Xeral da Función Pública

ANEXO I

N.º R.P. / Corpo	Grupo	Apelidos e nome	POSTO PARA O QUE SE SELECCIONA			
			Posto	Nivel	Dependencia	Localidade
7.814.523 Secretario xudicial	A	Juanes García, Damián Fernando	Letrado-xefe	30	Gabinete Xurídico	A Coruña
A01XU000000198 Técnico da Administración xeral	A	Rodríguez Fernández, José Luis	Letrado-asesor	28A	Asesoría Xurídica Xeral	Santiago
33.305.999 Técnico da Administración xeral	A	Vázquez Seijas, Víctor Manuel	Letrado-asesor	28A	Asesoría Xurídica Xeral	Santiago
33.267.636 Letrados Admón. Seguridade Social	A	Vega Lorenzo, Marta	Letrado-asesor	28A	Asesoría Xurídica Xeral	Santiago
T02G001A0259 Técnico da Dirección Xeral de Tráfico	A	Balboa Durán, Julio Francisco	Letrado-asesor	28A	Gabinete Xurídico	Ourense
T06PG05A01103 Letrados A.I.S.S	A	Rodríguez Campos, Manuel	Letrado-asesor	28A	Gabinete Xurídico	Pontevedra
3362649724A1604 Técnico da Administración da Seguridade Social	A	Martínez Fernández de la Vega, Higinio	Letrado-asesor	28A	Gabinete Xurídico	Lugo